

# xornada ESCRIBIRde CIENCIAen GALEGO

Os primeiros traballos científicos escritos en galego foron realizados no Seminario de Estudos Galegos, antes da Guerra Civil. De todas as maneiras, non tiveron continuidade ata a década dos anos setenta do pasado século na que científicos illados comezaron a utilizalo nos seus traballos. A maioría deles foron realizados ao abeiro de institucións ou grupos que primeiro permitiron e despois promoveron o seu uso. Neste período de máis de corenta anos a experiencia da escrita científica experimental en galego foi do máis variada e abarcou practicamente todos os seus formatos. A súa sorte foi tamén do máis diversa, aínda que en xeral proxectos de longo percorrido no tempo houbo moi poucos, pois o contexto intelectual e político no que se desenvolvían non foi, decote, doado.

Neste momento en que o inglés se está a promover como lingua hexemónica da comunicación científica experimental, e outros idiomas, mesmo o castelán e o catalán, están a ter serios problemas nestas funcións, cómpre reflexionar sobre cal pode ser o papel do galego no futuro. Os formatos da comunicación científica son diversos, comezando polo traballo de investigación básica en revistas de difusión internacional e rematando polas publicacións divulgativas ou pedagóxicas. E, certamente, as capacidades e o futuro do galego como lingua de comunicación científica non son as mesmas segundo sexa o formato considerado. Cómpre, pois, reflexionar dun xeito realista e intelixente sobre estes puntos para conseguir que no día de mañá o galego non deixe de estar presente nun eido tan fundamental para a cultura como é o da ciencia.

## Programa

**10.00 h.**

Inauguración da xornada

**Ramón Villares**, presidente do Consello da Cultura Galega  
**Francisco Díaz-Fierros Viqueira**, coordinador da Sección de Ciencia, Natureza e Sociedade do CCG

**10.15 h.**

*Modelos, medios e linguas para comunicar a ciencia*

**Carolina Moreno Castro**, profesora de Xornalismo da Universitat de València

**11.00 h.**

Pausa

**11.30 h.**

*Futuro e condicionantes da comunicación científica en español*

**Juan Vicente Sánchez Andrés**, catedrático de Fisioloxía da Universidad de La Laguna e director da *Revista de Neurología*

**12.15 h.**

*O catalán, lingua de ciencia?*

**Martí Domínguez**, profesor de Xornalismo da Universitat de València e director de *Métode*

**13.00 h.**

Coloquio

**16.30 h.**

Presentación do documento "Pasado, presente e futuro da publicación científica en galego"

**Francisco Díaz-Fierros**, catedrático de Edafoloxía e Química Agrícola da Universidade de Santiago de Compostela  
**Xurxo Mariño**, profesor da Universidade da Coruña  
**Ana Seijas**, documentalista

**17.00 h.**

Mesa redonda con representantes de institucións que realizaron publicacións científicas en galego

**Xurxo Mariño**, Moderador

**Juan Luis Blanco Valdés**, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela

**Xulio Rodríguez**, Proxecto LEXITERM

**Pablo Ramil**, Director da revista *Recursos rurais*

**Francisco Díaz-Fierros Viqueira**, Presidente do Seminario de Estudos Galegos

**18.00 h.**

Discusión do documento

**19.00 h.**

Clausura da xornada

## Organiza:

Consello da Cultura Galega  
Sección de Ciencia, Natureza e Sociedade

## Coordina:

Sección de Ciencia, Natureza e Sociedade

## Inscrición:

A inscrición é gratuíta.  
O número de prazas é limitado (100 persoas).  
As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.  
Entregarase diploma acreditativo de asistencia á xornada.

## Máis información e inscrición en:

[www.consellodacultura.org](http://www.consellodacultura.org)  
[difusion@consellodacultura.org](mailto:difusion@consellodacultura.org)

Consello da Cultura Galega  
Pazo de Raxoi, 2º andar  
Praza do Obradoiro s/n  
15705 Santiago de Compostela

Tel. 981 957 202  
Fax 981 957 205  
[difusion@consellodacultura.org](mailto:difusion@consellodacultura.org)

[www.consellodacultura.org](http://www.consellodacultura.org)



20 maio 2011  
Consello da Cultura Galega  
Santiago de Compostela

xornada  
ESCRIBIRde  
CIENCIAen  
GALEGO



20 maio 2011

Consello da Cultura Galega  
Santiago de Compostela

xornada  
**ESCRIBIRde**  
**CIENCIAen**  
**GALEGO.**



CONSELLO  
DA CULTURA  
GALEGA